

Capítulo 5

OPERATIVIDADE



Índice de contidos

5.15 NIVEIS DE EMERXENCIA	5
5.2 INTERFASE CON PLANIFICACIÓNS DE ÁMBITO SUPERIOR	5
5.3 NIVEIS DE ALERTA E PROCEDEMENTO OPERATIVO	6
ALERTA 0, OU FASE DE PRE-EMERXENCIA	7
ALERTA 1, OU FASE DE EMERXENCIA Ó NIVEL 0	8
ALERTA 2, OU FASE DE EMERXENCIA A NIVEL 1	10
ALERTA 3, OU FASE DE EMERXENCIA A NIVEL 2	11
FIN DA EMERXENCIA E VOLTA Á NORMALIDADE	11
5.4 MEDIDAS DE PROTECCIÓN E ACTUACIÓN	11
PROCEDEMENTOS DE PROTECCIÓN DE PERSOAS	11
AVISOS Á POBOACIÓN	11
CONFINAMENTO EN LUGARES DE SEGURIDADE	12
EVACUACIÓN	12
ASISTENCIA SANITARIA	13
CONTROL DE ACCESOS	13
PROCEDEMENTOS DE PROTECCIÓN DE BENS	13
PROTECCIÓN DE BENS DE ALTO VALOR	13
EVITAR RISCOS ASOCIADOS	13
SOCORRO E RESCATE	14
BUSCA, RESCATE E SALVAMENTO DE PERSOAS	14
PRIMEIROS AUXILIOS, TRIAXE SANITARIA, E TRANSPORTE SANITARIO	14
ALBERGUE DE EMERXENCIA	15
ABASTECIMENTO DAS PERSOAS DESPRAZADAS	16
INTERVENCIÓN	17
ACCIÓNS TENDENTES A COMBATE-LOS SUCECOS	17
HABILITACIÓN DE ACCESOS E CONDUCCIÓN DE MEDIOS Á ZONA DE INTERVENCIÓN ..	17
REGULACIÓN DO TRÁFICO	18
MEDIDAS REPARADORAS	19
REESTABLECIMENTO DE SERVICIOS PÚBLICOS AFECTADOS	19
ESTABLECIMENTO DE SISTEMAS ALTERNATIVOS	19
ACCIÓNS ESPECÍFICAS PARA A VOLTA Á NORMALIDADE	20
5.5 BIBLIOGRAFÍA	20

5.1 Niveis de emerxencia

A organización operativa da xestión de emerxencias é definida no PLATERGA mediante unha estrutura xerarquizada, definida nunha serie de niveis que se corresponden cun respectivo grado de intervención administrativo e un ámbito xeográfico. Os niveis operativos definidos son:

- Nivel 0: Local.
- Nivel 1: Provincial
- Nivel 2: Autonómico
- Nivel 3: Interese nacional

O ámbito operativo do presente PEMU é o local, ou Nivel 0, que territorialmente correspondese co Municipio de Lugo, e administrativamente co seu Concello. Os seguintes niveis, descritos aquí co fin de definir os posibles casos de interfase, son o Nivel 1 ou Provincial, no que a competencia administrativa ven dada pola Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas, e Xustiza. Ista canaliza as accións enmarcadas no PLATERGA, que se corresponde co Nivel 2 (Comunidade Autónoma), representado administrativamente po-la mencionada Dirección Xeral. O Nivel 3, ou estatal, é administrado po-lo Ministerio de Interior a traveso da Dirección General de Protección Civil.

Ante unha emerxencia, a primeira actuación corresponde ó Concello, tanto no tempo como nos medios mobilizados. Se po-la extensión xeográfica da emerxencia, ou por verse desbordados os medios e recursos ó nivel municipal, é preciso activar un nivel superior (ver apartado seguinte para máis detalles), o cambio de nivel implicará a transferencia de dirección dos medios ó nivel superior. Por ista razón, e precisa a definición da estrutura organizativa dende un punto de vista operativo en cada nivel. Este esquema de organización responde en tódolos niveis a unha composición xenérica similar, con variacións específicas en canto a composición, nivel administrativo, e procedementos de interrelación para cada un deles. O correspondente o PEMU mostrase no capítulo 4.

5.2 Interfase con planificación de ámbito superior

A integración do PEMU-Lugo no PLATERGA, realizarase de acordo co previsto na Norma Básica de Protección Civil, e segundo o disposto no apartado K) das Directrices para a súa elaboración, onde se establece a necesidade da *Articulación dos plans dos distintos niveis territoriais con homoxeneidade de deseños, terminoloxía e contidos*.

No momento no que se active o PEMU e sexa constituído o CECOPAL para facer fronte a unha emerxencia a nivel local, e co fin de manter informados os órganos correspondentes ós niveis superiores de xestión de emerxencias, darase coñecemento da activación tanto o Delegado Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, como á Central de Emerxencias 112-SOS Galicia.

No caso de que, ben no transcurso da xestión dunha determinada emerxencia, ou ben xa dende a orixe da mesma, sexa evidente ou previsible que non poida ser xestionada e solucionada de forma suficientemente efectiva dende o Nivel 0 ou local, e polo tanto exista un risco para persoas e bens, procederá a solicitar a activación do nivel superior.

O procedemento requirirá, dende o nivel local, que o Director do PEMU solicite a dirección colexiada da emerxencia ó Delegado Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que actuando como delegado provincial do PLATERGA, declarará o Nivel 1 para a emerxencia. Como consecuencia o PLATERGA quedará aplicado ó nivel provincial.

As condicións que se teñen que dar para considerar o paso a niveis superiores:

- Os medios e recursos dispostos polo PEMU ó nivel local son insuficientes por:
- A zona afectada pola emerxencia é demasiado ampla como para ser abarcada polos medios
- A gravidade da emerxencia, inda sendo localizada, desborda os medios previstos ó nivel local por insuficiencia material, ou falta de adestramento específico
- A emerxencia inclúese dentro dun sistema de planificación especial (químico, radiolóxico, entre outros)

O cambio de nivel implicará a transferencia da dirección dos medios ó nivel superior. Nese momento, o CECOPAL, que podese integrar na Central de Emerxencias 112, continuando os diferentes compoñentes do PEMU (Dirección Técnica, Grupos de Acción, Comité Asesor, etc.) coas funcións previamente definidas ó nivel local co fin de coordinar os medios e recursos municipais para a súa integración no PLATERGA.

As decisións relativas ó cambio ós Niveis 2 e 3 serán asumidas, respectivamente, polo Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (ámbito Autonómico), e polo Ministro do Interior (ámbito Estatal). Nestes casos, como se describiu con anterioridade, o PEMU integrarase na planificación e dirección da emerxencia dirixida polo órgano de orde superior.

5.3 Niveis de Alerta e procedemento operativo

O procedemento xeral ante calquera tipo de emerxencia requirirá a definición e declaración, por parte do Director do PEMU, dun determinado nivel de Alerta. Para cada nivel de alerta, consideraranse as medidas xerais de activación, coordinación e traballo dos diferentes compoñentes do PEMU. Os niveis de alerta considerados no PEMU-Lugo son:

- Alerta 0, ou fase de pre-emerxencia
- Alerta 1, ou fase de emerxencia a Nivel 0
- Alerta 2, ou fase de emerxencia a Nivel 1
- Alerta 3, ou fase de emerxencia a Nivel 2
- Fase de fin da emerxencia e volta á normalidade

A descripción e caracterización de cada nivel de alerta faise a continuación de forma xenérica. Para o caso de determinados riscos, os cales precisan dunha determinación diferencial (p.ex. incendio forestal) ou detallada (p.ex. inundacións) dos niveis a declarar, farase unha descripción particular nos correspondentes manuais operativos (Ver anexo 7.3) ou Plans de Actuación Municipal (Ver anexos 7.6 a 7.9).

Alerta 0, ou fase de pre-emerxencia

a) Dirección da emerxencia

O **Director do PEMU** declara a aplicación da Alerta 0, constituíndo ó CECOPAL se fose preciso, e establecendo os primeiros traballos a efectuar. A dirección práctica da emerxencia será encomendada ó Director Técnico da mesma, que operará a través do PMA. Asimesmo, solicitará a constitución do Gabinete Asesor, formado po-la Xunta Local de Protección Civil.

O **Director Técnico da Emerxencia** supervisará os aspectos técnicos da constitución das diferentes seccións do CECOPAL (Sala de control de operativos, centro de transmisións e centro de información) e decidirá a posible ubicación do PMA. Procederá a organización previa dos Grupos de Acción que interveñan, e mobilizará os efectivos precisos para o seguimento do evento xerador da emerxencia.

Os membros do **Comité Asesor** con posibles competencias na emerxencia son alertados para formar parte no CECOPAL, ou directamente no PMA.

O **Gabinete de información** procederá a informar á poboación da proximidade dun evento potencialmente xenerador de emerxencia, ou que está comezando a producirse, e informar ás institucións ou organismos que así os soliciten, ou ben a aqueles cunha posible intervención para facer fronte á emerxencia, no caso de que se produza. En calqueira caso, informarase ó Delegado Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Central Autonómica de Emerxencias da situación de Alerta.

O **Centro de transmisións** recibirá e transmitirá de forma constante a información da situación ó Director do PEMU, ó Director Técnico da Emerxencia, e á Central Autonómica de Emerxencias 112-SOS Galicia, co fin de manter operativa a coordinación da emerxencia.

b) Procedemento a seguir po-los diferentes grupos

O **Grupo de Intervención** (Persoal de Protección Civil, Bombeiros, Policía Local) permanecerá en estado de alerta. Designaranse operativos para realizar o seguimento da evolución do evento potencialmente xenerador de emerxencia.

O **Grupo Sanitario** (Hospitais e outros organismos dependentes do SERGAS, Cruz Vermella, Concellería de Servicos Xerais) permanecerán en estado de alerta, facendo unha organización previa dos recursos potencialmente necesarios cara ó enfrentamento da emerxencia.

O **Grupo de Transmisións** (Servicio Municipal de Protección Civil) ocuparase dos aspectos técnicos da constitución do Centro de Transmisións no CECOPAL, e fará a organización previa para garanti-las transmisións entre éste e os diferentes Grupos de Acción, e o PMA.

O **Grupo de Seguridade** (Policía Local) permanece en estado de alerta, preparando os medios de coordinación e acción precisos para a evacuación (no caso de que esta fose necesaria), a ordenación do tráfico, e a garantía da seguridade cidadá.

O **Grupo Loxístico** (Servicio Municipal de Vías e Obras, Concellerías relacionadas) permanecerá en estado de alerta, procedendo á preparación e/ou comprobación dos medios precisos para os procedementos de evacuación, suministro e albergue nos que teñan designada a súa intervención.

O **Grupo de Rehabilitación de Servicos Públicos** (Concellería de Infraestruturas, empresas de abastecemento de servicos públicos) serán alertados ante a posibilidade de que algúns servicos públicos esenciais podan ser afectados pola emerxencia, e/ou poda ser preciso facer reparacións ou establecer alternativas.

Alerta 1, ou fase de emerxencia ó Nivel 0

Nos casos nos que se verifique que o evento xerador de emerxencia evoluciona cara a unha situación con perigosidade manifesta para persoas ou bens, se procederá da seguinte forma:

a) Procedemento por parte da Dirección do PEMU e da Emerxencia.

O **Director do PEMU** declara a aplicación da Alerta 1, e activará o Nivel 0 da emerxencia, determinando:

- Os traballos e accións prioritarios a executar
- Os medios e recursos a mobilizar, e os Grupos de Acción a activar
- A información a suministra á poboación, e ós organismos implicados

Asimesmo, establecerá o contacto directo co Delegado Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e ca Central Autonómica de Emerxencias 112 SOS Galicia e considerará a necesidade ou non de solicita-la intervención de recursos externos. Se fose preciso, activarase a Alerta ó Nivel 1 da emerxencia por parte da correspondente Delegación Provincial.

O **Director Técnico da Emerxencia** organizará de forma directa, e supervisará *in situ* ou ben dende o PMA, as funcións dos diferentes grupos que interveñan na emerxencia. Concretamente, coordinará ós Grupos de Acción e demais efectivos para a transformación das indicacións feitas no PEMU en accións concretas, e ademáis:

- Determinará o alcance da emerxencia, e fará as valoracións iniciais
- Establecerá os límites para o afastamento da poboación das áreas de perigo, se procede
- Informará ó CECOPAL sobre a evolución da emerxencia

O **Gabinete de información** procederá a:

- Informar á poboación da evolución da emerxencia, dos puntos de perigo a evitar po-la poboación, e das recomendacións básicas ante a emerxencia
- Informar da evolución da emerxencia ás institucións ou organismos que así os soliciten, e a aqueles con medios e recursos precisos para facer fronte á emerxencia
- Coordinar a información entre as diferentes institucións, entidades e grupos que interveñen na emerxencia

O Centro de Comunicacóns recibirá e transmitirá a información da situación ó Director do PEMU, ó Director Técnico da Emerxencia, o Gabinete de Información, e ó Centro de Emerxencias 112-SOS Galicia, co fin de manter operativa a coordinación da emerxencia.

b) Procedemento a seguir po-los diferentes grupos

O **Grupo de Intervención** proseguirá co seguemento e valoración da emerxencia, permanecendo en contacto directo e constante co Director do PEMU, o Director Técnico da Emerxencia, e entre os restantes membros do grupo de intervención, comunicando calquera cambio relevante. Asimesmo:

- Procederán coas labores de control, redución ou neutralización total da causa da emerxencia
- Asumirán a percura e/ou rescate das persoas afectadas po-lo sinistro
- Apoiarán as tarefas de apoio ó peche da circulación en vías con potencial risco asociado á emerxencia, e de sinalización das mesmas.

- Procederán ó apoio da evacuación ou afastamento da poboación afectada ou de próxima afección po-la emerxencia, en coordinación co Grupo de Seguridade, e se así fose decidido polo Director do PEMU ou o Director Técnico da Emerxencia

O **Grupo Sanitario** proporcionará medios de asistencia e evacuación medicalizada mediante ambulancias (061 e Cruz Vermella), establecerá se fose necesario un posto para atención sanitaria *in situ* (Cruz Vermella), asistirá a grupos críticos e medicalizados no Complexo Hospitalario Xeral-Calde e/ou nos centros privados concertados, proporcionará asistencia psicolóxica ós damnificados pola emerxencia a traveso dos servizos dos mencionados centros hospitalarios, e colaborará na distribución de víveres nos centros de albergue (Cruz Vermella).

O **Grupo de Transmisións** garantirá as transmisións entre o CECOPAL e os seus integrantes, e os diferentes Grupos de Acción, PMA, e medios empregados na xestión da emerxencia.

O **Grupo de Seguridade**, procederá ás tarefas de evacuación da poboación afectada (se así fose decidido), a difusión de avisos directos ou indirectos á poboación, e ó control do tráfico, establecéndose unha coordinación entre diversos corpos e forzas de seguridade se fosen activados.

O **Grupo Loxístico**, procederá co transporte da poboación evacuada, suministro de provisións, medicamentos e axudas externas, traslado de instrucións directas a membros do resto de grupos operativos, brigadas de obras, etc., co fin reestablecer vías de comunicación ou infraestruturas de comunicación.

O **Grupo de Rehabilitación de Servizos Públicos** procederá coa reparación inmediata de aqueles servizos públicos esenciais que fosen afectados pola emerxencia, ou establecerá medios alternativos ós mesmos na maior brevedade posible.

Alerta 2, ou fase de emerxencia a Nivel 1

Cando a situación de emerxencia supera amplamente, polas razóns descritas no capítulo 4, á xestión municipal, o Director do PEMU declarará a Alerta 2 no municipio, e solicitará a transferencia da dirección da emerxencia ó Delegado Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xusticia, a quen procederá a declaración do Nivel 1 de emerxencia. Unha vez declarada a Alerta 2, procederase dende o CECOPAL á coordinación dos recursos municipais para a súa integración nos Grupos de Acción do PLATERGA, seguindo os diferentes grupos e entidades coas funcións definidas para os mesmos na Alerta 1.

Alerta 3, ou fase de emerxencia a Nivel 2

A determinación da Alerta 3 será competencia supramunicipal, asumida polo Ministro do Interior. Como no caso anterior, procederase ó nivel local coa continuación das funcións definidas para os niveis inferiores, actuando o CECOPAL como ente coordinador dos medios propios e de integración dos mesmos cos Grupos de Acción establecidos dende o ámbito estatal.

Fin da emerxencia e volta á normalidade

O **Director do PEMU** (ó nivel local), declarará o fin da emerxencia e o comezo da fase de volta á normalidade, que será difundida polo Gabinete de Información. O xefe do **Grupo de Rehabilitación dos Servicios Públicos** coordinará a reposición de servizos básicos esenciais, que inclúen o abastecemento de auga potable, abastecemento eléctrico, servizo telefónico, e abastecemento de gas. A reposición de servizos de titularidade non municipal será solicitada as correspondentes compañías para que tomen as medidas pertinentes, ben directamente ou a través do Centro de Emerxencias 112.

5.4 Medidas de protección e actuación

Independentemente do tipo de emerxencia e do procedemento operativo activado para a súa xestión, desenvolveranse unha serie de medidas de protección e actuación comúns cos obxectivos de:

- Protexer persoas e bens
- Socorro e rescate de persoas
- Intervención
- Reparación

Os diferentes aspectos relacionados con ditos procedementos establécense nos seguintes apartados.

Procedementos de protección de persoas*Avisos á poboación*

Nas diferentes fases das emerxencias, procederase a dar os avisos pertinentes á poboación, co fin de mantela informada sobre a situación de risco e a súa evolución, e de transmitir instrucións ou recomendacións que contribúan á colaboración das persoas e á súa autoprotección. As canles para a transmisión de ditos avisos serán os máis convenientes para a correcta difusión de ditos avisos:

- No caso de recomendacións xenéricas ou avisos á poboación (p.ex. alertas climatolóxicas), utilizaranse os medios de comunicación, nomeadamente a prensa, radio, televisión, e páxinas informativas de internet, elixindo os máis adecuados en función da urxencia das mensaxes a transmitir. O Gabinete de Información será en xeral o encargado da transmisión deste tipo de avisos.

- No caso de avisos directos en áreas concretas (p.ex. ante a ameaza de inundacións, incendios, etc), os avisos serán persoalizados (e dicir, 'casa por casa'), ou, dependendo da área a abarcar, utilizando megafonía manual ou instalada nos vehículos. O Grupo de Transmisións será, en xeral, o encargado de transmitir este tipo de avisos, procedentes do Gabinete de Información.

Confinamento en lugares de seguridade

Cando pola existencia dun risco se atope ameazada a integridade física ou saúde das persoas no desenrolo das súas actividades cotiás, disporanse de lugares de seguridade nos que a poboación poda permanecer ata que se restitúan as condicións normais. Aínda así, preferiblemente, a poboación manterase nas súas propias casas, mentres as condicións das mesmas permitan unha protección adecuada, ben polas súas propias características, ou adoptando medidas específicas que serán divulgadas en cada caso.

O mantemento da situación de confinamento nas casas ou o traslado a lugar seguro deberá ser acompañada dunha situación de constante vixilancia da evolución do risco, feita polo Grupo de Intervención.

Evacuación

Consiste no desaloxo (se é o caso) e posterior traslado da poboación dende o lugar onde habitan ou desenrolan as súas actividades cotiás, ata lugares considerados seguros, feito de unha forma ordenada e controlada. Podese executar como medida de protección de forma previa a que se manifeste un risco potencial, ou como forma de minoración dos posibles danos de forma posterior a unha catástrofe.

En xeral podense prever de forma xenérica dous tipos de situacións:

- Aquelas nas que o volume de poboación desplazada é mínimo (p.ex., habitantes de vivendas puntuais afectadas por un risco localizado). Normalmente, a evacuación poderase facer nos propios vehículos dos afectados (se existiran), actuando os efectivos do Grupo de Intervención e/ou do Grupo Loxístico para sinalar as rutas de evacuación, e habilitar e conducir ós lugares de albergue. Dado o baixo número de persoas afectadas, os lugares de albergue poderán ser hoteis, pensións, residencias de estudantes, etc. (Ver apartado de *Socorro e rescate-Albergues de emerxencia*, nesta mesma sección, para máis detalles)
- Aquelas nas que o volume de poboación desplazada é alto (p.ex., un risco de elevada extensión que da lugar a un alto número de persoas desprazadas). Neste caso, o Grupo Loxístico habilitará medios de transporte suficientes para os afectados, dispoñendo medios especiais para inválidos, enfermos, etc., a evacuación dos cales será prioritaria. Asimesmo, disporá vías de transporte exclusivas para a evacuación, e alertará ó Grupo Sanitario das necesidades en canto a dependencias médicas. As persoas poderán ser conducidas a lugares habilitados como albergue, coma pavillóns polideportivos, tendas de campaña de gran capacidade, etc. (Ver

apartado de *Socorro e rescate-Albergues de emerxencia*, nesta mesma sección, para máis detalles)

As diferentes variantes que pode incluír un procedemento de evacuación son inabarcables, pero en xeral situaranse entre estes dous extremos, requirindo en cada caso dunha planificación específica.

A evacuación realizarase nos medios necesarios en función da emerxencia (autobuses, furgonetas, etc.), que serán dispostos e coordinados polo Grupo Loxístico.

Asistencia sanitaria

Dependendo da tipoloxía da emerxencia, poderase requirir de unha primeira atención sanitaria na zona afectada, que poderá ser administrada polos efectivos locais de Protección Civil e/ou da Cruz Vermella (ver apartado de *Salvamento e rescate* nesta mesma sección para máis detalles). Asimesmo, terase que dispor de ambulancias medicalizadas e dos medios adecuados para a evacuación das persoas que precisen un traslado en condicións especiais.

O tratamento completo variará en función do estado das persoas afectadas, podendo ser desviadas tanto a hospitais ou centros asistenciais nos casos máis graves, como seren atendidas nos lugares de albergue se as afeccións son de importancia menor.

Control de accesos

Os efectivos do Grupo de Seguridade, apoiados se fora preciso polo Grupo Loxístico, establecerán o control de accesos rodados ou peonais co fin de:

- Controlar e limita-lo acceso a unha zona de perigo directo ou exposición a un risco potencial para a poboación
- Evita-lo entorpecemento das tarefas dos diferentes grupos que interveñan na emerxencia
- Desviar e ordena-lo tráfico por rutas alternativas seguras

Procedementos de protección de bens

Protección de bens de alto valor

A primeira preocupación, e a orientación primaria dos medios e recursos na xestión de calqueira emerxencia estará orientada á protección das persoas. Aínda así, se fora posible, tomaranse as medidas protectoras de bens que podan ser afectadas pola catástrofe. En principio, trataranse de rescatar ou protexer os bens que, polo seu elevado valor patrimonial, material, cultural ou natural, así o aconsellen.

Evitar riscos asociados

Tamén será procedente á aplicación de medidas protectoras a bens cando estes, inda non tendo un valor ou interese elevado, podan ser orixe polo seu deterioro de riscos asociados no transcurso da emerxencia, que podan contribuir a aumenta-los danos xa producidos.

Socorro e rescate

Busca, rescate e salvamento de persoas

O Grupo de Intervención, e en concreto os equipos de salvamento e rescate, serán os primeiros en comparecer na zona afectada xunto cos servizos sanitarios. Estes equipos estarán normalmente constituídos por efectivos do Corpo de Bombeiros, e serán apoiados na súas tarefas por membros do Servizo Municipal de Protección Civil. Nembargantes, en situacións especiais podense ver reforzados por personal especializado non vinculado ó Concello, que se activará mediante os procedementos definidos no apartado 5.2 do presente capítulo. Exemplos de tal personal especializado son:

- Equipos de Resposta Inmediata en Emerxencias da Cruz Vermella
- Grupos Especializados en Actividades Subacuáticas da Garda Civil
- Equipos de Rescate e Intervención en Montaña da Garda Civil
- Unidades de cans adestrados na búsqueda de persoas
- Calqueira grupo con medios necesarios non presentes no municipio, e que poida ser activado dende o mesmo

Asimismo, se os equipos de socorro e rescate por calqueira circunstancia sufriran retrasos na chegada a zona siniestrada, ou fosen insuficientes en número, deberán formarse grupos alternativos para este cometido.

Primeiros auxilios, triaxe sanitaria, e transporte sanitario

Unha vez se procedeu o rescate e resguardo das vítimas do sinistro, e á súa ubicación nun lugar seguro provisional, procederáse á evacuación os lugares destinaídos como refuxios para as persoas non feridas, e á atención sanitaria das persoas feridas.

Neste último caso, e seguindo as indicacións do persoal sanitario especializado, procederáse a evacuación dos feridos ou afectados nos casos máis graves, puidéndose aplicar nos restantes casos os primeiros auxilios en postos fixos ou móbiles destinaídos a tal fin, e que sempre deberán estar ubicados en áreas seguras (p.ex., coincidindo localmente co PMA).

Se o número de feridos é masivo en comparación cos recursos sanitarios existentes, procederáse á *trixaxe sanitaria*, que sempre será realizada por membros do Grupo Sanitario con formación suficiente para tal cometido. En principio, e sen perxuício do determinado *in situ* polo persoal sanitario especializado, a triaxe permitirá a diferenciación de ata cinco tipos fundamentais de afectados:

- Non feridos ou feridos moi leves, que poden moverse por sí mesmos. Precisarán, como o resto, de atención constante, pero serán conducidos a unha zona segura provisional, para seren posteriormente evacuados dende a mesma en medios de transporte colectivos. No caso de que o persoal sanitario así o dicte, poderán ser incorporados para axudar ós restantes feridos.

- Aqueles que, por ser as súas lesións ou feridas de inferior gravidade, permiten dilación na súa evacuación. Utilizaranse medios dispoñibles tra-la resolución dos casos máis graves.
- Aqueles que, pola gravidade das súas lesións ou feridas, precisen de evacuación inmediata. Unha vez dictaminados, serán prioritarios na súa evacuación, destiñando para elo os medios de transporte sanitario máis rápidos ou mellor equipados.
- Aqueles que, por seren clasificados coma moribundos ou irrecuperables por médicos con experiencia suficiente, non se evacuarán co fin de destiñar os recursos ós feridos con máis posibilidades. Aínda así, serán obxecto de revisión periódica para evitar clasificacións erróneas.
- Falecidos. Non se evacuarán ata que existan medios libres para tal fin.

O número de clases de triaxe establecidas en cada caso dependerá do tipo de emerxencia, dos recursos dispoñibles, e das decisións tomadas polo persoal sanitario experto. A triaxe sanitaria realizarase de forma constante ó longo do proceso refuxio provisional, evacuación, e atención no centro sanitario de destiño, segundo o que especifique en cada caso o persoal sanitario especializado.

Serán diferenciadas vías de entrada e de saída á zona de emerxencia para os medios de transporte sanitario, que permanecerán en contacto directo e constante cos centros de recepción de feridos.

Albergue de emerxencia

En cada emerxencia será designados o puntos ós que se conducirá ou evacuará ás persoas afectadas pola emerxencia. A designación do albergue de emerxencia realizarse segundo os dous tipos de situación posibles, descritas no apartado de *Procedementos de protección a persoas-Evacuación*, nesta mesma sección. Segundo tales situacións, os tipos de albergue de emerxencia serán de tres tipos fundamentais:

- **Establecementos de hostelería** (hoteles, hostais, pensións, etc.) e **residencias de estudantes**: Utilizaranse cando o volume de persoas a albergar seña baixo, ou as prazas dispoñibles e/ou a xestión lóxística da emerxencias permitan a súa utilización con tales fins. Unha relación dos mesmos e o número de prazas atópase no Anexo 7.10 Catálogo de Medios e Recursos.
- **Pavillóns polideportivos, estadios e establecementos similares**: Utilizaranse cando o volume de xente desprazada así o aconselle, ou ante a deficiencia ou insuficiencia doutros medios de albergue. A zona habilitada como albergue nestes edificios deberá cumprir a condición de estar a cuberto das inclemencias meteorolóxicas. Nela deberán habilitarse camas e roupa de abrigo para os desplazados, e deberán dispoñer de servicios hixiénicos, duchas e outros dispositivos de hixiene en número necesario. Os lugares de posible utilización con estes fins refléxanse no Anexo 7.10 Catálogo de Medios e Recursos
- **Tendas de campaña e toldos**: Utilizaranse cando o volume de xente desprazada así o aconselle, e ante a deficiencia ou insuficiencia doutros medios de albergue. Ubicaranse nun lugar seguro e preferiblemente abrigado da influencia directa das inclemencias meteorolóxicas.

Deberán habilitarse no seu interior camas e roupa de abrigo para os desplazados, así como servicios hixiénicos, duchas e outros dispositivos de aseo en número necesario. As tendas de campaña dispoñibles para a xestión local da emerxencia relacionanse no Anexo 7.10 Catálogo de Medios e Recursos.

- A situación de albergue de emerxencia prologarase o menor tempo posible, e unha vez restablecida a normalidade as persoas afectadas voltarán ós seus domicilios.

Abastecemento das persoas desprazadas

Unha vez ubicada a poboación evacuada nos lugares habilitados para tal fin, deberán ser abastecidos con aqueles elementos precisos para a satisfacción das súas necesidades básicas. Polo xeral, estes elementos serán:

- **Primeiros auxilios e asistencia sanitaria:** Inda que as persoas feridas ou enfermas deberán ser desprazadas e tratadas ós correspondentes centros hospitalarios, os albergues de emerxencia poderán ser usados para a atención sanitaria no caso de desbordamento dos servicios sanitarios, para o caso de primeiros auxilios e curas en feridas leves, e en xeral para a atención das posibles afeccións que poidan xurdir no transcurso do tempo de albergue.
- **Asistencia psicolóxica:** Facilitarase as persoas desprazadas a asistencia psicolóxica necesaria para facer fronte os traumas derivados da situación excepcional motivada pola emerxencia.
- **Alimentación:** En cantidade e composición suficientes para responder as necesidades nutricionais durante o tempo que dure o albergue.
- **Auga potable:** Será suministrada ben a través das infraestructuras propias do albergue, ben mediante o reparto de botellas de auga ou a súa administración mediante camións cisterna aptos para o transporte alimentario.
- **Roupa:** suficiente para o seu uso durante o tempo que dure o periodo de albergue, e adaptada as condicións climáticas do momento no que se produce a emerxencia.
- **Artículos de hixiene:** En cantidade suficiente para a duración do tempo de albergue, e adaptado ás necesidades persoais do desprazado, especialmente no referente a idade e sexo.
- **Calefacción:** Se fose necesario, en función da época do ano na que se produce a emerxencia.
- **Información:** As persoas desprazadas serán informadas puntualmente dos procedementos que podan facilitar a súa estancia no albergue de emerxencia, da evolución da emerxencia en aqueles aspectos que lles afecten directamente, da localización e estado de familiares, e en xeral de toda aquela información que se considere do seu interés ou utilidade.

Intervención

Accións tendentes a combater-los sucesos

O Grupo de Intervención, enviado coa máxima celeridade posible ó lugar afectado, procederá a realizar as accións necesarias para combater-los sucesos que orixinan a emerxencia. A prioridade fundamental será o socorro e rescate das persoas afectadas, tal como se describe no apartado correspondente desta mesma sección. Ademais, o Grupo de Intervención procederá:

- Á realizar as tarefas necesarias para controlar, minimizar ou neutraliza-los danos
- Á realizar as tarefas orientadas evitar riscos asociados
- Á valoración constante e continua do alcance e evolución do sinistro
- Á protección da poboación
- Á protección de bens, sempre que sexa posible, esté xustificado, e segundo o establecido no apartado de *Procedementos de protección de bens* dentro desta mesma sección.

Habilitación de accesos e conducción de medios á zona de intervención

Acceso rodado

O Grupo Loxístico, en coordinación co Grupo de Seguridade, procederá a habilitación dos accesos necesarios para a chegada da axuda ó lugar do sinistro. Para elo, será especialmente importante ter en conta:

- As restriccións impostas polas vías de acceso ós vehículos e demais medios de intervención (anchura de rúas ou estradas, altura de pontes e pasos elevados, pesos máximos soportables por infraestructuras, etc.) en función das características destes. Será imprescindible que tales condicións sexan informadas a través dos recursos aportados polo Grupo de Transmisións co fin de evita-las dificultades ou imposibilidade de acceso ós medios.
- A dispoñibilidade de combustibles e outros produtos necesarios para a autonomía dos medios empregados na xestión da emerxencia, e que pode verse afectada polas propias características do sinistro. En tales casos deberán preverse os medios precisos (p.ex. camións cisterna, bidóns de combustible, etc.)
- A posibilidade de que existan elementos que dificulten ou imposibiliten a chegada dos medios ó lugar do sinistro, que pode verse incrementada pola propia natureza da emerxencia (p.ex. bloqueo de estradas por árbores derribados ou desprendementos, colapso de pontes ou inundación de vías no caso de temporais). En consecuencia, efectivos do Grupo de Intervención serán precisos para despexar os accesos.

Helisuperficies

No caso de que pola natureza da emerxencia, ou por dificultades no acceso rodado, se vexan implicados helicópteros na xestión da emerxencia, habilitaranse helisuperficies para a súa aterraxe e despegue. As helisuperficies habituais para o seu uso na capital lucense especificanse no plano 3.6, e son:

- Estadio Municipal Gregorio Pérez Rivera (As Pedreiras)
- Explanada do Pabellón Polideportivo Municipal (Ronda República Argentina)

Aínda así, se a emerxencia require a habilitación doutras helizonas ou helisuperficies, será precisa a comunicación co persoal do helicóptero para que plantexe ás súas necesidades en función das características do aparello. Como referencia xenérica, cumprirán os seguintes criterios (Dirección Xeral de Protección Civil, 1999):

- Terreo duro, compacto e despexado (p.ex. estadio de fútbol ou similar), horizontal, sen inclinacións laterais ou lomas que obstaculicen o asentamento da cola do helicóptero.
- Evítanse ladeiras enfrentadas perpendicularmente ó vento, con relevos marcados e expostos á insolación.
- Libre de obstáculos e obxectos de pouco peso que poidan ser arrastrados pola corrente xerada polas aspas do helicóptero
- A superficie será de entre 20 x 20 m ata 25 x 25 m en función do tamaño do helicóptero. Non deben atoparse obstáculos cunha altura non superior ós 10 m a menos de 30 m do lugar da aterraxe (postes, árbores, tendidos eléctricos, etc.)
- Para unha formación de helicópteros, os puntos de toma da cada aeronave estarán separados entre 40 e 50 m.

Acceso fluvial

Nos casos nos que sexa preciso para as operacións de intervención ou rescate o emprego de embarcacións, habilitaranse zonas para a acceso destas ó río, que en xeral cumprirán:

- Facilitade de acceso rodado para o transporte da embarcación e a súa descarga nas inmediacións da zona do sinistro
- Pendente non excesiva para facilita-la entrada e saída da embarcación nas augas
- Inexistencia de remuíños, correntes, etc. na zona de acceso, que poidan dificultar a saída e chegada das embarcacións.

Regulación do tráfico

O Grupo de Seguridade asumirá as tarefas de regulación do tráfico, en xeral orientada a:

- Control de accesos á área de perigo, tal como se describe no apartado *Procedementos de protección a persoas*, dentro desta mesma sección
- Establece-las medidas de control de tráfico nos casos nos que este se vexa dificultado por obstáculos xenerados polo sinistro (p.ex. desprendementos, vehículos accidentados, árbores derribados, etc.)
- Facilitar o desvío do tráfico cara a rutas alternativas, cando se pechen á circulación tramos de acceso rodado debido á perigosidade dos mesmos.
- Facilitar a chegada e saída dos medios de evacuación e transporte sanitario.

Medidas reparadoras

Reestablecimiento de servicios públicos afectados

Tra-la análise feita polos diferentes Grupos de Acción, logo de producirse o sinistro, serán determinadas polo Director do PEMU as medidas de enxeñería civil precisas para lle facer fronte á rehabilitación dos servicios públicos esenciais afectados. Desta tarefa encargarase o Grupo de Reestablecimiento de Servicios Públicos, co apoio dos restantes Grupos de Acción cando fose necesario, tendo prioridade ós recursos de titularidade pública fronte os de titularidade privada. Serán considerados como servicios esenciais o suministro de auga, alimentos, gas e outros combustibles, electricidade, telecomunicacións, transporte e sanidade.

Establecimiento de sistemas alternativos

Se debido ás características da emerxencia non é posible o reestablecimiento permanente dos servicios públicos esenciais, estableceranse medidas alternativas:

- **Subministración de auga:** No caso de que o suministro de auga potable non poda ser realizado pola rede municipal de distribución de augas, o Grupo Loxístico procederá á distribución de auga mediante outro tipo de medios, variables en función do lugar, urxencia, e o número de persoas afectadas. Estes medios poderán variar entre o reparto directo de auga mineral embotellada, ata a distribución de auga por medio de vehículos cisterna (Consultar catálogo). O Grupo Sanitario transmitirá as normas hixiénicas necesarias para evitar a transmisión de enfermidades, e o Grupo Loxístico abastecerá á poboación, se fose preciso, de sustancias potabilizadoras.
- **Subministración de alimentos:** Se pola prolongación da situación da emerxencia se producise un corte na subministración alimentaria, o Grupo Loxístico, tras analizar a situación para a determinación da poboación afectada, a zona onde esta se concentrase, e as súas características (idade, necesidades específicas) procedería co reparto de alimentos á poboación afectada dende os centros de aprovisionamento previamente establecidos.
- **Subministración de enerxía eléctrica e gas:** Ante o corte prolongado de enerxía eléctrica e gas, o Grupo Loxístico facilitará sistemas temporais de xeneración de enerxía (grupos electrógenos) a aqueles centros ou institucións prioritarios na xestión da emerxencia. Simultaneamente, o Grupo de Restitución de Servicios Públicos, en coordinación coas empresas subministradoras de fluido eléctrico e combustible, traballarán para a restitución dos servicios
- **Telecomunicacións:** Se se produce unha situación prolongada no tempo de ausencia de teléfono e outros medios de telecomunicación, o Grupo de Transmisións traballará para manter en contacto ós diferentes Grupos de Acción entre sí, e co PMA e o CECOPAL para suministrar a información precisa para a xestión da emerxencia. Asimesmo, o Gabinete de Información procederá a informar a poboación polas canles dispoñibles de calquera tipo de información que poda ser de interese, ou de importancia para a súa autoprotección. Simultaneamente, o Grupo

de Restitución de Servizos Públicos, en coordinación coas empresas subministradoras de servizos de comunicacións, traballarán para a restitución de ditos servizos

- **Servizos de transporte:** Entanto a situación de emerxencia non se resolve, os servizos de transporte serán asignados de forma prioritaria á evacuación de afectados ou ó transporte de efectivos dos diferentes Grupos de Acción. Por outra parte, se existen infraestruturas viarias danadas polo sinistro, procederase á súa reparación, ofrecendo vías alternativas para o acceso á poboación afectada.
- **Servizos sanitarios:** Ademais das tarefas de asegurar, no posible, a boa condición sanitaria das persoas, garantirán o suministro e abastecemento das medicinas, servizos mínimos de hixiene, e a selección dos afectados pola emerxencia en función da súa gravidade. Asimesmo, informará o CECOPAL sobre as medidas a tomar sobre o uso da auga en caso de contaminación da mesma, e asumirá a coordinación e planificación da doazón de sangue no caso que fose necesario.

Accións específicas para a volta á normalidade

No momento en que se declare o fin da emerxencia, as accións específicas para a volta á normalidade orientaranse ó reestablecemento das condicións mínimas de imprescindibles para un retorno á normalidade nas zonas afectadas. Neste sentido, e ademais dos xa mencionados esforzos para a rehabilitación dos servizos públicos esenciais, inspeccionarase o estado dos edificios, limpiaranse e repararanse edificios e vías urbanas, repararanse os danos relevantes, etc.

5.5 Bibliografía

Dirección Xeral de Protección Civil (1999): Vademecum REMER. Dispoñible en internet, URL: <http://www.proteccioncivil.org/vademecum/indexv.htm>. Data última consulta 03/06/2006.